

GR/ao

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2021032646
ASUNTO	Encargo a TRAGSA S.A S.M.E. M.P, como medio propio da Deputación de Pontevedra, da xestión do servizo de mantemento dos centros de compostaxe comunitaria abicados no Centro Príncipe Felipe
TRÁMITE	Resolución Presidencial

O Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, en virtude das competencias delegadas pola Presidencia, dita a seguinte **RESOLUCION**

Visto o informe-proposta do Xefe de Servizo de Asistencia Intermunicipal, de data 11 de xuño de 2021, que conta co conforme do Deputado Delegado da área de residuos, que é do seguinte teor literal:

"O técnico que subscribe, no exercicio das competencias que ten asignadas e de acordo co disposto no artigo 8o da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, eleva o seguinte

INFORME-PROPOSTA**ANTECEDENTES DE FEITO E TRATAMENTO TÉCNICO**

Primeiro. *A compostaxe foi desde un primeiro momento unha aposta do novo equipo de goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, elixido tralas eleccións de maio de 2015, para facilitarlles aos concellos da provincia unha xestión do lixo máis económica e ecolóxica.*

Para iso púxose en funcionamento un plan de tratamento de residuos denominado REVITALIZA co que se tratan de cumprir, e incluso superar, os obxectivos fixados na normativa europea, estatal e autonómica en canto ás porcentaxes de residuos municipais reutilizados ou reciclados, dentro do obxectivo xeral dunha eficiente utilización dos recursos.

Segundo. *Baseándose nesa privilexiada característica de poder ser tratados "in situ" (con todas as garantías científicas, técnicas, tecnolóxicas, sanitarias e ambientais precisadas), no REVITALIZA apóstase polo tratamento da fracción orgánica a través da compostaxe*



empregando principalmente composteiros individuais (en adiante COIN) e os centros de compostaxe comunitaria (en diante CCC), estratexia en sintonía e intimamente coherente coas novas liñas de actuación na xestión de residuos promovidas polas políticas da UE ás que, popular e xenericamente, se veñen dado en chamar "quilómetro cero", "xestión circular", "xestión sustentábel", "xestión de proximidade" e "xestión local a pequena escala".

Terceiro. *Na actualidade son un total de 47 concellos da provincia os que están adheridos ao REVITALIZA (de acordo co protocolo aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 14 de outubro de 2016, BOPPO nº 200, de 19 de outubro de 2016), e xa se teñen instalados en 37 deses concellos un total de 171 Centros de compostaxe comunitaria (CCC) con 1.265 Unidades Modulares de Compostaxe (en adiante UMC) e un total de 11.436 composteiros individuais (en adiante COIN), procedentes de cesións realizadas pola propia Deputación, así como adquiridos por medios propios ou a través de subvencións efectuadas por outras administracións públicas, que precisarán de traballos de seguimento ou mantemento para garantir a súa funcionalidade.*

Cuarto. *Así mesmo, o centro socio-asistencial de Príncipe Felipe –no que hai tres centros de acollida de menores, unha escola infantil, un centro de hostalería, un centro de FP, un centro de Educación Especial e un CEIP– foi convertido nunha illa de probas de compostaxe na procura do chamado "residuo cero" grazas á instalación de varios centros de compostaxe comunitarios e á implementación de recollidas selectivas das demais fraccións do lixo.*

Todos os residuos orgánicos que se xeran na Cidade Infantil (que equivale a un concello cunha poboación de entre 1.500 e 2.000 persoas) son tratados en cinco CCC localizados no interior do recinto e nas inmediacións do CIFP Carlos Oroza. Non sae ningún resto de comida ou vexetal para o seu tratamento externo. Ademais, a poda de árbores e outros elementos leñosos xerados dentro do perímetro do centro serven como estruturante para a compostaxe unha vez triturados.

A CIPF produciu o seu primeiro compost no mes de xullo do ano 2016, logo duns tres meses de proceso e obtivo un produto de calidade máxima (tipo "A"), que está a ser usado dende entón como fertilizante para os xardíns e as hortas urbanas do centro en substitución dos adobos que antes tiñan que se comprados.



Quinto. O mantemento destes centros de compostaxe comunitaria instalados no Príncipe Felipe se levaba a cabo, ata o de agora, polas mestras e mestres composteiros interinos sen praza por programa adscritos ao Servizo de Asistencia Intermunicipal, **cujo nomeamento remata o próximo 14 de xuño de 2021.**

Por iso, é necesario dar continuidade a estes traballos de maneira prioritaria e urxente, sendo as tarefas mínimas a realizar as que se reflicten nos pregos técnicos adxuntos.

TRATAMENTO TÉCNICO

Primeiro. Ao non dispor a Deputación Provincial de Pontevedra dos medios necesarios para iso, vista a urxencia en garantir a continuidade deses traballos e ante a escaseza de mercado nesta materia, entendemos que a forma máis eficiente de prestar este servizo e realizar **o encargo á empresa pública TRAGSA, como medio propio da Deputación de Pontevedra,** ao resultar afectado o INTERESE PÚBLICO e aspectos esenciais de sanidade, salubridade e de medio ambiente.

Neste sentido, as actuacións a desenvolver teñen encaixe no obxecto social de TRAGSA, conforme ao reflectido na disposición adicional vixésimo cuarta da LCSP:

“ a) La realización de todo tipo de actuaciones, obras, trabajos y **prestación de servicios agrícolas, ganaderos, forestales, de desarrollo rural, de conservación y protección del medio natural y medioambiental...**también estarán obligadas a satisfacer las necesidades de los poderes adjudicadores de los que son medios propios instrumentales en la consecución de sus objetivos de interés público mediante la realización, por encargo de los mismos, de la planificación, organización, investigación, desarrollo, innovación, gestión, administración y supervisión **de cualquier tipo de asistencias y servicios técnicos en los ámbitos de actuación señalados en el apartado anterior,** o mediante la adaptación y aplicación de la experiencia y conocimientos desarrollados en dichos ámbitos a otros sectores de la actividad administrativa..”

Segundo. A inmediatez que se deriva deste encargo a un medio propio evitaría **os prexuízos medioambientais, de salubridade pública e de funcionamento** que a interrupción do mantemento destes centros de compostaxe conlevaría á espera da adxudicación do expediente de contratatación posto en marcha para iso, coas consecuentes responsabilidades



en que se podería incorrer desde a Deputación de Pontevedra en caso contrario; é dicir, **razóns de interese público e urxencia** xustifican á viabilidade deste encargo.

Terceiro. Respecto á temporalidade do encargo, o mesmo estenderá os seus efectos desde o 15 de xuño de 2021 e ata que sexa adxudicado o contrato do servizo de seguimento da compostaxe individual e mantemento da compostaxe comunitaria nos concellos da provincia adheridos ao revitaliza, que xa está en tramitación (expediente nº 2021027031), e no que están incluídos os centros de compostaxe comunitaria abicados en Príncipe Felipe. A estimación é duns **4 meses e medio**, en prexuízo da posibilidade dar por rematado o encargo antes dese prazo se se dan as circunstancias para iso.

Cuarto. Os traballos obxecto do presente encargo están detallados nos pregos técnicos adxuntos, sen prexuízo das variacións que resulten das instrucións que ao respecto dean os técnicos provinciais que son de obrigado cumprimento para o medio propio.

De conformidade coa valoración económica que se acompaña a este informe, o custe derivado deste encargo ascende a **16.699,06** euros cantidade que se afrontará con cargo á aplicación **21/923.1623.227.07** do vixente Orzamento Provincial.

De acordo co disposto na disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público, Tragsa e a súa filial Tragsatec estarán obrigadas a realizar, con carácter exclusivo, os traballos que se lle encomenden; a súas relacións coa Deputación, da que son medios propios instrumentais e servizos técnicos, teñen natureza instrumental e non contractual, articulándose a través de encargos dos previstos no artigo 32 da Lei, polo que, a todos os efectos, **son de carácter interno, dependente e subordinado.**

A comunicación efectuada pola Deputación de Pontevedra encargando unha actuación a algunha das sociedades do grupo **suporá a orde para iniciala**, sen prexuízo da observancia do disposto no artigo 32.6.b), debendo unicamente formalizarse en documento administrativo; non é necesario que sexa publicado no perfil do contratante da Deputación ao non superar o encargo o importe de 50.000,00 euros (artigo 63.6 da Lei 9/2017).



CONCLUSIÓN

*Á vista do anterior, infórmase favorablemente ó encargo ao medio propio **TRAGSA** do servizo de mantemento dos centros de compostaxe comunitaria abicados no Centro Príncipe Felipe, nos termos expostos no presente informe-proposta."*

Visto o informe de Intervención, favorable á tramitación do presente expediente, no que se reflicte que na aplicación orzamentaria 21/923.1623.227.07 e as súas vinculacións xurídicas existe crédito suficiente para facer fronte á aportación da Deputación de Pontevedra por importe de 16.699,06 euros (documento RC nº 202100119598).

A vista do exposto, de conformidade co establecido na Resolución Presidencial nº 2019014186, de 1 de agosto de 2019, de delegación de competencias da Presidencia

RESOLVO

Primeiro. Encargar á empresa TRAGSA. S.M.E. M.P, como medio propio da Deputación de Pontevedra, a xestión do servizo de mantemento dos centros de compostaxe comunitaria abicados no Centro Príncipe Felipe, con efectos 15 de xuño de 2021 e ata o 31 de outubro de 2021, de conformidade co prego de prescricións técnicas e o orzamento que se adxuntan á presente Resolución.

Segundo. Comunicar o presente encargo á empresa TRAGSA S.A. S.M.E.M.P, aos efectos previstos na disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público, o que supón a orde para inicia-las actuacións derivadas do mesmo.

Terceiro. A formalización deste encargo realizarase mediante a sinatura da presente Resolución por parte da empresa TRAGSA S.A. S.M.E.M.P, non sendo necesaria a súa publicación no perfil do contratante ao non superar o encargo o importe de 50.000,00 euros (artigo 63.6 da Lei 9/2017, 9 de novembro, de Contratos do Sector Público, en relación co preceptuado no artigo 32.6.b) do citado texto normativo).



Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa recepción (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben directamente recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da mesma (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa). Todo iso sen prexuízo da posibilidade de utilizar calquera outro recurso que estime procedente.

Asinada dixitalmente ao marxe.

TRAGSA-Presidencia-Intervención-Asistencia Intermunicipal.

